

Ramón
Martín
Mateo

Os consorcios locais. Unha institución en auxe.

Catedrático de Dereito
Administrativo.

1. A pervivencia dos Consorcios trala revisión do réxime local.

Estimo que os Consorcios, non obstante o seu desafortunado tratamento pola Lei de Bases de 1985, seguen a ser entes locais asociativos, como demostra teimudamente a realidade, na que se manteñen con indubidable firmeza, e maila creación ulterior á Lei de novas figuras deste tipo¹.

Dediqueille a este tema nun estudio pioneiro² unha extensa análise e posteriormente un comentario ó que me remito³, aínda que me parece oportuno reproducir aquí as máis significativas conclusións.

A) *Precedentes.*

Coa aprobación do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais⁴, o Consorcio toma plena carta de natureza no Réxime Local, ben que a través dunha disposición de escaso rango e con pouco estrépito institucional.

¹ SOSA WAGNER, F.: *La gestión de los servicios locales*, Civitas, Madrid, 1992, páx. 176.

² MARTÍN MATEO, R.: *Los Consorcios locales*, IEAL, Madrid, 1970.

³ MARTÍN MATEO, R.: *Entes Locales Complejos*, Trivium, Madrid, 1987, páxs. 109 e ss.

⁴ Decreto do 17 de xuño de 1955.

En efecto, os artigos 37 a 40 da devandita disposición facultan as Corporacións locais para constituíren Consorcios, dotados de personalidade xurídica, con Entidades Públicas de diferente orde para instalaren ou xestionaren servicios de interese local. O Estatuto dos Consorcios determinará as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro. Os Consorcios poderán utilizar calquera das formas previstas para a xestión de servicios.

Con base exclusivamente nesta normativa e partindo do supraconcepto do Consorcio como "técnica instrumental de base asociativa, ó servicio de fins de relevancia pública", puiden caracterizar sen vacilacións os Consorcios locais como "entes locais que asocian libremente persoas xurídico-públicas de diferente orde para fins de interese local"⁵.

B) *A lexislación vixente. Os Consorcios como entes locais funcionais.*

A promulgación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, do 2 de abril de 1985, vai poñer novamente en cuestión o *status* xurídico do Consorcio, e isto é así pola súa non inclusión no catálogo que contén de Entidades locais, polo tratamento desta materia no capítulo correspondente a "Actividades e servicios" (Artigo 87 da Lei de Bases), polo laconismo da mencionada normativa e, finalmente, pola novidade da potestativa ampliación desta fórmula para dar entrada a Entidades privadas sen ánimo de lucro.

A pesar de todo, coidamos que o réxime real do Consorcio non sufriu alteracións substanciais coa nova lexislación e que seguen sendo Entidades locais funcionais, aínda que de carácter derivativo e non simplemente entidades de natureza singular que non forman parte da Administración local, como se afirmou con escaso esforzo caracterizador por certo⁶.

Personalidade.

Sen entrarmos en maiores disquisicións, abonda para os nosos propósitos sinalar que a Lei está pensando nunha conxunción de vontades que dá lugar á aparición dunha persoa xurídica, un ente ou unha entidade, se se prefire, de base, por tanto, asociativa. Lembremos que

⁵ MARTÍN MATEO, R.: *Los Consorcios locales*, Madrid, 1970, páx. 53.

⁶ GARCÍA-ESCUADERO Y PENDAS, P.: *El nuevo Régimen Local español*, Barcelona, 1985, páx. 312.

nos di que as “Entidades locais poden constituír Consorcios” con outras Administracións públicas ou Entidades privadas non lucrativas. Hai, xa que logo, algo máis ca un puro convenio xerador de recíprocos dereitos e obrigas que afecta só ás partes.

Inequivocamente, o Texto Refundido asume esta, polo demais, pouco discutible interpretación ó establecer que os Consorcios gozarán de personalidade xurídica propia⁷.

Sometemento ó Dereito público.

Os Consorcios son persoas xurídicas como quedou demostrado, pero ademais, de Dereito público, o que semella meridiano no caso dos que se calificaron como Corporacións interadministrativas que xorden a través dun pacto establecido entre varios entes administrativos heteroxéneos e que se federan con vistas a unha xestión común⁸. Por iso, o Texto Refundido establece que estes Consorcios se crearán “para fins de interese público concorrentes cos das Administracións Públicas”.

O interese local.

O Regulamento de Servicios na súa versión anterior á Lei de Bases establecía que as “Corporacións locais poderían constituír Consorcios con Entidades públicas de diferente orde para instalaren ou xestionaren servicios de interese local”.

A Lei de Bases de 1985 alude a fins de interese común con outras Administracións públicas e a fins de interese público concorrentes cos de Entidades privadas sen ánimo de lucro, precisión esta última que por certo manexa o Texto Refundido de 1986⁹, en relación cos Consorcios interadministrativos.

C) Os Consorcios non son unha institución apátrida.

Se, como coidamos que se demostrou, os Consorcios son entes de Dereito público, xestionadores de actividades de interese local, parece lóxico concluír, como resultado do sumatorio deste polinomio caracterolóxico, que estaremos en presenza dunha Entidade local. Soa-

⁷ Artigo 110.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

⁸ GARCÍA DE ENTERRÍA e T. R. FERNÁNDEZ: *Curso de Derecho Administrativo*, vol. 1, Madrid, 1983⁴, pág. 382.

mente podería desvirtuarse esta deducción ante a presenza dun factor de signo negativo, a saber, a expresa remisión nos Estatutos a outro ordenamento con perda de control por parte das Entidades locais dos órganos do Consorcio a prol doutras Administracións ou Entidades privadas, pero en tales casos entendemos que se desnaturalizaría esta figura dando lugar a outra distinta, aínda que se debe recoñecer que estas consecuencias non están contempladas nin na lexislación anterior nin na vixente, polo que quizais merecerían unhas satisfactorias puntualizacións a través dun tratamento normativo específico.

Prescindindo destas hipotéticas situacións, debemos ratificar a nosa convicción de que o Consorcio a penas se diferencia doutras figuras que a Lei recoñece explicitamente como Entidades locais, que é o caso próximo das Mancomunidades. Boa parte dos Consorcios hoxe constituídos están integrados unicamente por Concellos e a Deputación da súa provincia; non damos entendido logo a razón de os excluír do ordenamento local polo feito de que a compoñentes básicos de Mancunidade se lles engada unha Entidade local territorial de distinta orde, o que é válido para outras aplicacións consorciais nas que a presenza de Administracións públicas extralocais é minoritaria e, ás veces, mesmo meramente simbólica.

En particular, os Consorcios e Mancomunidades de abastecemento de augas son abordados pola Lei de Augas¹⁰ no capítulo correspondente ás Comunidades de usuarios, das que en certa medida constitúen unha subespecie, condicionándose o outorgamento de concesións para abastecemento a varias poboacións a que as Corporacións locais constituían para estes efectos tales entes¹¹.

Desde a perspectiva da Lei de Augas non cabe dúbida de que, aínda que non se pronuncie sobre as peculiaridades do estatuto xurídico dos Consorcios¹², estes terán alomenos as prerrogativas das Corporacións de Dereito público, podendo obrigar unilateralmente ós usuarios¹³, vindo vinculados ás Corporacións locais "de acordo coa lexislación pola que se rexan"¹⁴.

É interesante sinalar a este respecto a autorizada opinión do Consello de Estado¹⁵, que se pronuncia así:

⁹ Artigo 110.1.

¹⁰ Do 2 de agosto de 1985.

¹¹ Artigo 81.1.

¹² Artigo 81.2.

¹³ Artigo 74.2, en relación co 81.2.

¹⁴ Artigo 81.1.

¹⁵ Dictame do 24 de outubro de 1985.

“A lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dedica unicamente o artigo 87 ós Consorcios, ó establecer que as Entidades locais poden constituír Consorcios con outras Administracións Públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público, concorrentes cos das Administracións Públicas.

A lei non dispón a derogación en bloque da anterior lexislación sobre réxime local, senón unicamente daquela que se opoña, contradiga ou resulte incompatible co seu contido.

Neste sentido, debe sinalarse que o contido da nova Lei 7/1985 en nada se opón ou contradí o disposto no artigo 107 do Texto articulado parcial da Lei 41/1975, aprobado por Real Decreto 3046/1977, do 6 de outubro, e nos artigos 37 a 40 do Regulamento do Servicio das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, porque deben entenderse vixentes estes últimos preceptos sen prexuízo das modificacións competenciais operadas coa instauración do novo sistema competencial en España”.

As opinións aquí sustentadas foron ratificadas tamén por significados tratadistas, cal é o caso de Sosa Wagner¹⁶, que para os Consorcios constituídos entre administracións locais afirma con rotundidade que terían “a consideración, só para os efectos queridos polo lexislador, de ente local, que por iso podería botar man de calquera das formas de xestión dos servizos previstos na lexislación local. A utilización neste caso do ordenamento local é plena e non parece que poida ofrecer dúbida”, opinión que é tamén sostida por Quintana¹⁷ e Sánchez¹⁸.

D) *Os Consorcios con participación de entidades privadas sen ánimo de lucro.*

A Lei de Bases de 1985, que tan raquiticamente conigura os Consorcios, introduce, sen embargo, unha importante novidade, ó permitirlles participar neles a entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das Administracións públicas¹⁹. A lexislación de Navarra é máis explícita e menciona as asociacións, fundacións privadas ou entidades privadas sen finalidade lucrativa²⁰.

¹⁶ *La gestión de los servicios locales*, Civitas, Madrid, 1992, páx. 173.

¹⁷ *Las Mancomunidades en nuestro Derecho local*, MAP, Madrid, 1991, páx. 84.

¹⁸ *Las competencias supra-locales en Comunidades Autónomas y Gobiernos Locales*, Deputación de Barcelona, 1987.

¹⁹ Artigo 88 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 9 de abril, o que reitera o Texto Refundido, artigo 110.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

²⁰ Artigo 212.1 da Lei Foral de Administración Local, Lei Foral 6/1990, do 2 de xullo.

Esta modificación das características do Consorcio, que non ten antecedentes no Dereito local común, suscitou prudentes e comprensibles reservas na doutrina, que ve nestes Consorcios máis ben un convenio ou acordo có xurdimento dunha nova persoa xurídica²¹.

Esta tese, que me semella respectable, non pode abafar outra interpretación que estimo lexítima mentres o lexislador ou os Tribunais non aclaren estes extremos.

Persoalmente opino que hai base de abondo para afirmar que, se non a Lei, o Texto Refundido alomenos, asigna personalidade xurídica propia a tódolos Consorcios²².

Anteriormente observei²³ que do feito de que formen parte do Consorcio suxeitos de Dereito privado non se derivan maiores obstáculos para que o ente resultante teña natureza administrativa. Existen numerosos exemplos de entes e órganos deste carácter, participados por persoas privadas que, parcialmente alomenos, están sometidos ó réxime administrativo, o que afecta ás Comunidades de usuarios da Lei de Augas constituídas por particulares para fins análogos ós dos Consorcios que a mesma Lei contempla, pero tamén de momento á Administración Corporativa²⁴, Colexios Profesionais, Cámaras Agrarias, Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, ós que as súas respectivas leis califican como Corporacións de Dereito Público.

As posibles dúbidas que subsistan terán menor base legal en ordenamentos como o de Cataluña e Navarra, que califican a tódolos Consorcios como entidades públicas de carácter asociativo²⁵.

De feito, con invocación expresa da lexislación autonómica creáronse en Cataluña varios Consorcios que agrupan entes públicos e privados: *Museo de Arte Contemporánea*²⁶, *COOB'92*²⁷, *Centro de Estudios Olímpicos e do Deporte*²⁸ e *Consorcio de Hospitais de Barcelona*²⁹.

E) Os Consorcios con presenza estatal ou autonómica.

Sosa Wagner³⁰ matiza a súa posición sobre o réxime xurídico dos Consorcios cando neles participan o Estado ou as Comunidades Autónomas, e afirma, o que é indubidable, que se existen normas daquela orixe serán as

²¹ SOSA WAGNER, F.: *La gestión de los servicios públicos locales*, cit., páx. 174.

²² Artigo 110.2.

²³ MARTÍN MATEO, R.: *Entes Locales Complejos*, Trivium, Madrid, 1987, páxs. 115

²⁴ Vid. FANLO LORAS, A.: *El debate sobre Colegios Profesionales y Cámaras Oficiales*, Civitas, Madrid, 1992.

²⁵ Artigo 252 da Lei 8/1987 de Cataluña e 212.2 da Lei Foral 6/1990.

²⁶ Aprobado polo Concello de Barcelona o 4 de marzo de 1988.

²⁷ Que remite á lexislación estatal. Acordo do 19 de febreiro de 1987.

²⁸ Acordo do 26 de outubro de 1990.

²⁹ Aprobado polo Consello Executivo da Generalitat do 14 de novembro de 1988.

³⁰ Op. cit., páxs. 173-174.

directamente aplicables³¹, aínda que caiba a remisión expresa á lexislación local. Pero non se debe esquecer que o ordenamento estatal xa se pronunciou ó respecto ó incluír, sen matizacións, os Consorcios no Réxime local. Por tanto seguimos mantendo que os Consorcios aínda así participados seguen a ser locais, salvo que o control, por determinacións estatutarias ou legais caia fóra do ámbito local.

Este será sen dúbida o caso dos que se cren unha vez aprobado o proxecto de Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común³², que contempla Consorcios dotados expresamente de personalidade xurídica³³, pensados para desenvolver convenios entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

Os Estatutos determinarán os seus fins e as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro, así como a distribución de representacións entre as Entidades consorciadas. Para a xestión dos servicios poderán utilizarse calquera das formas previstas na lexislación aplicable a aquelas Administracións, precepto este que non deixa de presentar interrogantes en canto á elección do dereito aplicable, estatal ou autonómico.

En xeral, trátase dun precepto correcto, inspirado na figura dos Consorcios locais. Non deixa de ser curioso que o Estado como lexislador local marxínase un tanto esta figura e a retome con enerxía ó se autonormar.

Significativamente, dise noutro precepto³⁴ que as relacións entre a Administración estatal e autonómica coas Entidades locais "se rexerán pola lexislación en materia de Réxime Local", o que será de aplicación indubidable para os Consorcios locais participados polo Estado ou as Comunidades Autónomas.

En definitiva, a presenza do Estado ou das Comunidades Autónomas nun Consorcio no que participan tamén Entes locais non é por si mesma definitoria do seu réxime xurídico. Haberá que estar ó que digan os correspondentes Estatutos e, no caso de silencio, ó control establecido en canto ó funcionamento dos seus órganos rectores, ou ós fins prevalentes do Consorcio. Se os Estatutos, aínda que non opten por un determinado bloque ordenamental, son abondo explícitos en canto ó ré-

³¹ Con base nas imprecisas manifestacións de GARCÍA DE ENTERRÍA e T. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: *Curso de Derecho Administrativo*, vol. I, Civitas, Madrid, 1989, p. 1102.

³² Publicado polo MAP en febreiro de 1992.

³³ Artigo 7.1.

³⁴ Artigo 9.

xime económico e de toma de decisións, pode non ser tan perturbador a ausencia de precisións normativas noutro nivel.

2. A rigorosa modernidade da figura consorcial.

O Consorcio debe ter un espléndido futuro porque responde bastante ben ó funcionamento esperado e demandado polos cidadáns da Administración pública; de feito, xa se está facendo del un uso máis amplo do que se podería agardar ante a escasa receptividade do lexislador cara ás súas virtualidades.

A) *Características desexables da xestión pública contemporánea.*

Parece claro que o ríxido esquematismo funcional e espacial da distribución de competencias ten pouco sentido nos nosos días. A evolución da tecnoloxía conecta mal co reparto sectorial de funcións e responsabilidades administrativas. O solapamento é inevitable e tódolos cometidos públicos conflúen finalmente en macrofuncións como son, por exemplo, a economía ou o ambiente. A compartimentación competencial, inevitable en determinados niveis, tende a evolucionar cara á multi-instrumentalidade e o enfoque holístico.

Tampouco se pode manter unha ríxida separación entre administradores e administrados. Hai que contar co concurso destes ou, alomenos, evitar que os destinatarios da acción administrativa presenten unha oposición pechada ás intervencións da Administración. A participación non necesariamente se xustifica só por razóns ideolóxicas, constitúe máis ben un prerequisite técnico para a operabilidade dos criterios do ben común.

O mesmo pode dicirse da distribución espacial de cometidos; hai poucas intervencións que caiban cumpridamente nos reductos dunha demarcación territorial determinada, sexa esta un Municipio ou o propio Estado.

Os xenetistas ensínannos que as razas con máis porvir son as mestizas; estas conclusións valen tamén, ser-

vata distantia, para o sector público, onde van predominar modelos híbridos, cruzados, de organización administrativa.

Estas reflexións son particularmente válidas para o campo das Administracións locais, onde se move precisamente o Consorcio, que constituirán, ó meu xuízo, a instancia máis significativa para os cidadáns do futuro que encontran aquí, ou deberían achalo, o dispositivo de prestacións para eles máis importantes. Malia as dificultades actuais de Maastricht, que se enfrenta cun aglomerado de nostálgicos do pasado, as soberanías estatais tenden a languidecer, o que vai implicar tamén, noutra medida, os proxectos estrictamente políticos das rexións. Hai tempo que apostei pola solución municipal, que vexo agora, se cadra con certo optimismo, robustecerse solidamente.

Está tamén o imperativo da eficacia. O importante para o consumidor de prestacións públicas ou privadas é que estas llas fornezan axeitadamente, que se atenda mellor as necesidades sentidas. É inútil encalma-lo cidadán insatisfeito invocando organigramas deseñados para outras épocas. Aquí tamentas virtualidades cooperativas, concorrentes, compartidas, que o Consorcio supón, aínda que non produzan efectos taumatúrxicos, supoñen un útil instrumento para unha angueira máis eficiente dos responsables da *res publica*.

B) *A expansión do Consorcio. A experiencia de Cataluña.*

Carezo dunha información suficiente, nin sequera aproximada, para avaliar sequera en España con certa exhaustividade, o grao de utilización desta institución. O lexislador estatal non foi ó respecto nin lúcido nin xeneroso, inconsecuente ademais cos principios da Lei de Bases de 1985 sobre coordinación e eficacia administrativa para as distintas administracións territoriais³⁵, malia mencionar expresamente o Consorcio como fórmula adoptable para a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local, a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas³⁶.

A Lei Reguladora das Facendas Locais de 1988 alude de pasada ós Consorcios facultando as Corporacións Lo-

³⁵ Artigo 55 e ss. da Lei e 61 e ss. do Texto Refundido.

³⁶ Artigo 70.

cais para lles atribuí-la percepción de prezos públicos³⁷, o que lles permite acceder ós mecanismos recadatorios administrativos, posibilidade que non é nova para eles.

Tampouco as Comunidades Autónomas facilitaron estas canles. A Lei Municipal e de Réxime Local de Cataluña de 1987 introduce algunhas precisións como a xa aludida da consideración destes como entidade pública³⁸, pero pouco máis. Semellantes pautas segue a Lei Foral de Administración Local de Navarra de 1990³⁹. A restante lexislación autonómica que coñezo ignóraos⁴⁰.

Na etapa preconstitucional creáronse diversos Consorcios para zonas francas, feiras de mostras, turismo, etc. Pero os máis importantes foron os de augas entre os que destaca o de Abastecemento de Augas e Saneamento do Gran Bilbao creado en 1966⁴¹, entidade que ten detrás súa unha brillante executoria administrativa que mantén plenamente nestes momentos.

Unha certa expansión, con bos resultados por certo, tiveron os consorcios para a recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, e resultan exemplares o constituído para Asturias e mailo que integra os municipios da Baía de Cádiz. Nun sector debe mencionarse o Consorcio de Saneamento da Costa Brava.

A lexislación do solo recolle tamén esta figura para finalidades de xestión e execución de actividades urbanísticas⁴². Se ben os Concellos para estes casos preferiron recorrer á creación de Mancomunidades. Hai dous precedentes positivos en Cataluña e os creados con funcións conexas en 1975 para os transportes metropolitanos de Bilbao e Sevilla.

Pero foi en Cataluña e concretamente en Barcelona, donde houbo maior receptividade cara a esta figura corroborándose unha vez máis que o *seny* catalán non é un talento perdido para o sector público.

En Barcelona establecéronse prontamente Consorcios para moi variados cometidos⁴³; o primeiro de todos eles, en 1960, pioneiro, ó meu xuízo, en España, foi o que tiña por cometido regula-las condicións do traspaso ó Concello de Barcelona dos terreos e instalacións do Castelo de Montjuic⁴⁴, con órganos directivos dos que forman parte autoridades militares, representantes do Ministerio de Facenda e do Concello de Barcelona. Posteriormente creouse o *Consortio da Zona Franca de Barcelona*

³⁷ Artigo 48.2 da Lei 39/1988 do 28 de decembro.

³⁸ Artigo 252.

³⁹ Artigo 212.2.

⁴⁰ O que é o caso da Lei de Réxime Local da Rexión Murciana do 25 de agosto de 1988.

⁴¹ Aínda que os seus Estatutos non se aprobaron polo daquela Ministerio da Gobernación por Resolución do 2 de marzo de 1967.

⁴² Artigo 12 e ss. do Regulamento de Xestión Urbanística da Lei do Solo do 25 de agosto de 1978. Vid. LÓPEZ PELLICER, J.: *El Consorcio Urbanístico*, El Consultor de los Ayuntamientos, Madrid, 1984.

⁴³ A información que manexo procede das publicacións do Concello de Barcelona (Serveis Jurídics), tituladas *Organs especials de gestió. Organismes Autònoms. Societats municipals*, 1 de febreiro de 1987 e febreiro de 1991; agradézolle a súa amable facilitación ó profesor Tomás Quintana e a D. Meritxell Josa do Gabinete Xurídico do Concello de Barcelona.

⁴⁴ Autorizado pola Lei do 22 de xullo de 1960; o seu regulamento foi aprobado o 15 de novembro de 1960.

integrado polo Concello, Xunta de Obras do Porto, Fomento do Traballo Nacional, Cámara de Comercio e Aduana de Barcelona⁴⁵. Con base na lexislación precedente creáronse tamén os Consorcios para a urbanización da zona do Maresme e para a construción dos túneles do Tibidabo en 1968, xa extinguidos, coido, por cumprimento dos seus fins.

Xa na etapa constitucional, pero baixo a vixencia da lexislación precedente, constituíuse o Consorcio do *Gran Teatro do Liceo* integrado pola sociedade do mesmo nome, Generalitat e mailo Concello⁴⁶, o da *Feira Internacional de Mostras de Barcelona*, F.O.I.M. coa Generalitat, Concello e Cámara⁴⁷, e o correspondente ó *Pazo da Música de Cataluña*, que integran a Generalitat, Deputación e Concello⁴⁸.

Trala aprobación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local aprobouse o *Consorcio da Biblioteca de Cataluña* entre a Generalitat, Deputación, Concello e Instituto de Estudos Cataláns⁴⁹, o *Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona*. *Casa da Caridade* do que forman parte o Ministerio de Cultura, Deputación e Concello⁵⁰, o *Museo de Arte Contemporánea*, que remite á Lei de Réxime Local de Cataluña de 1987⁵¹, o de *Normalización Lingüística*, coa Generalitat e diversos Concellos e Deputacións de Cataluña, que tamén conecta coa lexislación local autonómica⁵², o *Consorcio de Hospitais de Barcelona*, entre Generalitat e Concello⁵³, o do *Pazo de Congresos de Barcelona*, co Concello, a Cámara de Comercio e a Feira de Mostras, que invoca tamén os artigos 252 a 255 da Lei 8/1987⁵⁴, e o do *Auditorio e Orquestra Cidade de Barcelona*, entre o Concello de Barcelona e a Generalitat, do 24 de xaneiro de 1992.

No ámbito deportivo debe mencionarse o *Centro de Estudos Olímpicos e do Deporte* que agrupa a Generalitat, a Universidade Autónoma, o Comité Olímpico Español, o Concello e a Deputación de Barcelona⁵⁵, pero sobre todo o *Comité Organizador Olímpico de Barcelona 92*, CO-OB'92, verdadeiro eixe vertebrador dos Xogos da XXV Olimpíada, do que forman parte o Concello de Barcelona, a Administración do Estado, a Generalitat de Cataluña e mailo Comité Olímpico Español⁵⁶, en conexión co Comité Olímpico Internacional, de acordo co contrato asinado en Lausana en 1986⁵⁷.

⁴⁵ Os Estatutos aprobáronse polo Ministerio de Facenda en 30 de xullo de 1968.

⁴⁶ Aprobado por Decreto do 19 de decembro de 1980.

⁴⁷ En 24 de abril de 1981.

⁴⁸ Do 30 de abril de 1981.

⁴⁹ Do 23 de decembro de 1986.

⁵⁰ En 4 de marzo de 1988.

⁵¹ Na mesma data có anterior.

⁵² Os Estatutos foron aprobados polo Consello Executivo da Generalitat en 4 de outubro de 1988.

⁵³ Do 17 de febreiro de 1989.


⁵⁴ Aprobado polo Concello, do 27 de abril de 1990.

⁵⁵ Do 26 de outubro de 1990.

⁵⁶ Aprobado polo Concello no 16 de febreiro de 1987.

⁵⁷ Aprobado por este no 16 de febreiro de 1987.

O Consorcio créase de conformidade co disposto na lexislación xeral de réxime local⁵⁸ e ten por obxecto a organización dos Xogos Olímpicos de 1992. Está rexido por unha Asemblea Xeral, unha Comisión Executiva e unha Comisión Permanente. Todos estes órganos son presididos polo Alcalde de Barcelona, auténtico artífice e operador dunha arquitectura institucional de impecable funcionamento.

O Consorcio constituíu, pois, o soporte orgánico dun acontecemento histórico que unanimemente foi recoñecido como o mellor organizado na longa serie do olimpismo mundial. A institución recibiu, pois, o máis senlleiro e merecido recoñecemento. 

⁵⁸ Mencionando expresamente os artigos 87 da Lei 7/1985 e 110 do Real Decreto Lexislativo 781/1986.